

**ROGO DE AER SOBRE ACCESIBILIDADE DA PISTA DA XUNQUEIRA NO ENTROIDO** (Rex.Entrada 27.03.2019, 2019-E-RPLN-10).

PLENO 28 MARZO 2019. ACTA 04/2019

*Durante o entroido pasado, o sábado 2 de marzo o Concello organizou unha sesión de inchables, photocall e obradoiros na pista da Xunqueira. Dende AER valoramos positivamente que se programen actividades de entroido para cativas, cativos e familias, pero atopámonos con que unha vez máis a accesibilidade é unha cuestión secundaria para este goberno local. Non se tivo a consideración de instalar rampla de acceso á pista da Xunqueira pola que as persoas con mobilidade reducida, as persoas maiores e as familias con carriños de bebés non tiñan facilidade para acceder ao recinto público. E todo isto, que xa non é a primeira vez que acontece, tendo en conta que Redondela é Cidade Amiga da Infancia.*

***Rogamos que cando se programe calquera tipo de actividade por parte do Concello de Redondela se faga unha revisión previa e completa das instalacións para asegurarse o cumprimento das máis mínimas e sensatas normas de accesibilidade aos recintos.***

*Resposta: O alcalde di que é importante, é facilmente comprobable e subsanable.*